



Concello de Xunzo de Limia

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DO PROXECTO DE OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO DENOMINADO “OBRADOIRO DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANDIÁS.

1.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación.

O obradoiro dual de emprego “OBRADOIRO DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 XUNZO DE LIMIA-SANDIÁS” configúranse como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezoito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A) publicada no DOG Núm. 46 Martes, 8 de marzo de 2022 e promovido polo Concello de Xunzo de Limia, en colaboración co Concello de Sandiás.

As especialidades a impartir son as seguintes:

Módulo 1. Código MAMSO108 Instalación de elementos de carpintería **(nivel 2)**, con 10 alumnos/as.

Módulo 2. Código AGAO0208: Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes **(nivel 2)** con 10 alumnos/as.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Xunzo de Limia: 15 alumnos/as
- Concello de Sandiás: 5 alumnos/as

As actuacións a realizar neste obradoiro son as seguintes:

Concello de Sandiás:

- Acondicionamiento da área recreativa de Couso de Limia:
- Acondicionamiento de área recreativa Souto en Sandiás.
- Actuacións no Campo de San Nicolás.
- Acondicionamiento da Área recreativa de Chousela.
- Acondicionamiento do patio do edificio de vivendas socias de Piñeira.
- Acondicionamiento de Piñeira de Arcos.

elvia LAMA Fernandez (1 para 3)
D.N.I.: 38545454
Data de Surtida: 11/08/2022
HASH: 84a477a718dbd5c5010e6316b613063



Esther Tejada Portomene (2 para 3)
D.N.I.: 38545454
Data de Surtida: 11/08/2022
HASH: 051a0b08859a8718f5e6e739a3d757



Marta María Gómez Ruiz (3 para 3)
D.N.I.: 38545454
Data de Surtida: 11/08/2022
HASH: cab9d2206ce246dd3366005c1686a9e6





Concello de Xinzo de Limia

Concello de Xinzo:

- Instalación de estrutura de pérgola de madeira (sobre báscula).
- Xardiñeiras nos cubre contenedores de lixo.
- Xardiñeiras e bancos de madeira.
- Instalar xardín parque zona verde Rosalía de Castro.
- Instalar plantas nas xardiñeiras (rúas Rosalía, Lepanto, Santa Mariña e entrada á rúa Galicia.

Para a xestión e desenvolvemento do obradoiro contratarase ao seguinte persoal:

Con **20 alumnos** traballadores.

- Un/unha director/a (xornada completa)
- Un/unha monitor/a para a especialidade de Instalación de elementos de carpintería (**nivel 2**), (xornada completa).
- Un/unha monitor/a para a especialidade de Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (**nivel 2**), (xornada completa).
- Un/unha administrativo/a (xornada completa).

A selección do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, ós itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade. Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo ós principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, as ditas actuacións cumpriran cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e demais instrucións.

2.- Publicidade do proceso.

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal e do alumnado unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ó público nos taboleiros dos concellos participantes no proxecto, sede electrónica (<https://xinzodelimia.sedelectronica.gal>) (<https://sandias.sedelectronica.gal>) e páxinas web, enviaranse tamén á oficina de emprego e á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiros dos concellos participantes no proxecto, sede electrónica e páxinas web.

Rematados todos os procedementos de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do





Concello de Xinzo de Limia

procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docentes e administrativo de apoio.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

3.- Requisitos comúns dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo todo/a aspirante deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade: Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, permita o acceso ó emprego público como persoal laboral.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- d) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.-Grupo de traballo (Órgano de selección).

Como primeira medida para a xestión do obradoiro constituirase o órgano de selección (grupo de traballo), que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, así como das entrevistas que se realicen.

Estará constituído por un numero impar de membros, persoal laboral, non inferior a cinco (un/unha Presidente/a, tres Vogais e un/unha Secretario/a), do seguinte xeito:

Presidente: María Cándida Cid Méndez (axente de emprego do Concello de Xinzo de Limia e encargada da tramitación do Obradoiro). Suplente: Ana López Castillo (coordinadora dos servizos sociais do Concello de Xinzo de Limia)

Primeira vogal: Ana Pereira Fortes (encargada do departamento de persoal do Concello de Xinzo de Limia). Suplente: Elena Feijoo Rodríguez (traballadora social do Concello de Xinzo de Limia)

Segundo vogal: Rafael Nogueiras Mascareñas (arquitecto do Concello de Xinzo de Limia). Suplente: Laura González Dafonte (arquitecta técnica do Concello de Xinzo de Limia)





Concello de Xanzo de Limia

Terceira vogal: Rosa Asunción Santana Doval (axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Sandiás). Suplente: Begoña López Castillo (traballadora social Concello de Xanzo de Limia)

Secretario: Rosa María Prol Prol (técnica de emprego do Concello de Xanzo de Limia). Suplente: Susana Garrido do Muíño (asesora xurídica CIM Xanzo de Limia).

Asesor do Tribunal: Ángel López Alonso (capataz da brigada de medio ambiente de Xanzo de Limia)

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos de tres dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Sra. Alcaldesa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

As decisións do órgano de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu/da súa Presidente/a.

Os membros do tribunal terán dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002 do 24 de maio.

5.- Listaxes de reserva.

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva por cada posto ofertado (de maior a menor puntuación obtida no proceso de selección) integrada polas persoas candidatas que participaron nos procesos de selección e que non foran propostas para ser contratadas. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

Con respecto á listaxe de reserva para alumnos/as-traballadores/as elaborárase dúas listaxes, unha por cada concello participante no proxecto.

6.- Selección do alumnado-traballador:

- Modalidade, período da contratación, retribucións:

O alumnado traballador será contratado por un período de 12 meses a xornada completa baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente (salario mínimo interprofesional).

- Requisitos específicos:

a) Idade: Ter 18 ou máis anos de idade.



Concello de Xinzo de Limia

b) Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ó proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 21 de febreiro de 2022. Cumprir os requisitos de acceso para obter o certificado de profesionalidade de nivel 2:

(Debe cumprirse algún de los seguintes requisitos:

- *Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.*
- *Certificado de profesionalidad de nivel 2.*
- *Certificado de profesionalidad de nivel 1 de la misma familia y área profesional.*
- *Cumplir el requisito académico de acceso a los ciclos formativos de grado medio o bien haber superado las correspondientes pruebas de acceso reguladas por las administraciones educativas.*
- *Tener superada la prueba de acceso a la universidad para mayores de 25 años y/o de 45 años.*
- *Tener las competencias clave necesarias)*

- Proceso de preselección:

O Concello de Xinzo de Limia e o órgano responsable de tramitar oferta de emprego na Oficina de Emprego de Xinzo de Limia, para logo procederá á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección/grupo de traballo.

Parámetros da oferta:

Sistema de selección: Oferta tipo T. Posteriormente coas persoas preseleccionadas polo Oficina de Emprego de Xinzo de Limia levarase a cabo a selección mediante valoración de méritos e entrevista persoal, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.

Localidades: ámbito dos Concellos de Xinzo de Limia e Sandiás. De non atoparse candidatos/as suficientes a sondaxe ampliarase ao resto de concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de ser posible.

A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320, 330 ou 370 a partir dos 18 anos, e demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de “suspensión específica programas experimentais de emprego”(699) sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora de contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Ademais deberán cumprir cos requisitos precisos para acceder ó certificado de profesionalidade de nivel 2 nas respectivas especialidades segundo a vixente a normativa

O órgano de selección aplicará os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 21 de febreiro de 2022, (DOG num. 46, do 8 de marzo de 2022), segundo baremo que se xunta.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego





Concello de Xunzo de Limia

e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar a selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto ou de nivel superior ó que posúa o candidato/a.

- Admisión dos/as aspirantes e proceso de selección:

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ás persoas preseleccionadas o lugar data e hora para a realización da entrevista persoal que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos e para a presentación da documentación acreditativa dos requisitos e méritos sinalados nas bases. O alumnado que se preseleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ó proxecto.

A selección definitiva dos 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo que figura como Anexo II, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/das candidatos/candidatas remitidas pola oficina de emprego. O grupo de traballo realizará unha entrevista persoal, que será previa a aplicación dos criterios obxectivos, co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión, realizar unha lista de admitidos/as e avaliar o interese dos candidatos en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

O día da entrevista persoal, e tras a realización da mesma, os/as candidatos/candidatas procederán a rexistrar o Anexo I (solicitud) e a documentación acreditativa dos méritos a efectos de baremación no Rexistro Xeral do Concello de Xunzo de Limia (anexo II), sendo a seguinte:

Documentación a presentar coa solicitud para participar no proceso de selección:

1) Anexo I debidamente cumprimentado consonte o seguinte modelo:

ANEXO I

PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 `PROMOVIDO POLO CONCELLOS DE XUNZO DE LIMIA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE- SANDIÁS

INSTANCIA: OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 XUNZO DE LIMIA- SANDIÁS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Teléfono móbil: _____

Correo electrónico: _____

Enderezo postal: _____

Concello: _____





Concello de Xinzo de Limia

Expoño:

Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 POLO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA, EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANDIÁS.

Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo de:
(indicar prioridade de especialidade)

☐ Alumnado-traballador da especialidade MAMSO108 Instalación de elementos de carpintería **(nivel 2)**, con 10 alumnos/as. (nivel 2)

☐ Alumnado-traballador da especialidade AGEAO0208: Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes

Que achego a documentación relativa a identidade, requisitos e baremo.

Que declaro:

☐ Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

☐ Non atoparme incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

☐ Non posuír o mesmo certificado de profesionalidade de nivel 2 que se pretende acadar coa realización deste obradoiro.

☐ Que todos os datos contidos nesta solicitude e que os méritos xustificadas no apartado de valoración de méritos son certos..

.

Por todo o anterior, SOLICITO:

1º.-Ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

2º.- Que autorizo ó Concello de Xinzo de Limia para a publicación dos meus datos persoais e





Xinzo de Limia, de de 2022

DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

Informe de vida laboral

[illegible]



Concello de Xunzo de Limia

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

2) Copia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor.

3) Acreditación dos méritos que se posúa:

* Para acreditar a condición de vítima de violencia de xénero poderase facer a través de calquera das seguintes formas:

- Certificación da Orde de protección ou da medida cautelar vixente, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia de ditos indicios.
- Informe actualizado dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición.
- Modelo común para a acreditación da situación da violencia de xénero, adoptados en cumprimento do previsto no parágrafo segundo do artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral.

* Para acreditar a discapacidade aportase o correspondente certificado.

* Os apartados de protección por desemprego, subsidios, antigüidade por desemprego serán puntuados a través de documentación emitida polo órgano correspondente e que deberá solicitar o/a candidato/a.

* A condición de emigrante retornado acreditarase mediante o correspondente certificado.

* Para acreditar ser beneficiario de Risga, certificado de Servizos Sociais do concello respectivo de ser beneficiario/a do tramo de Inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA).

* O feito de carecer de títulos universitarios e de FP Superior acreditarase mediante declaración xurada.

* O apartado de ter prevista a realización no seu itinerario de inserción profesional será





Concello de Xanzo de Limia

puntuado mediante a presentación de certificación ou informe do Servizo Público de Emprego e que terá que solicitar o/a candidato/a.

*O feito de ter responsabilidades familiares acreditarase mediante certificado dos servizos sociais municipais

*Para acreditar o mérito relativo á categoría profesional no traballo inmediatamente anterior, será preciso aportar informe de vida laboral actualizada emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Toda a documentación non presentada no prazo establecido, non se terá en conta a efectos de baremación.

4) Para acreditar o criterio de desempate en relación á condición de refuxiado: resolución de asilo ou de protección subsidiaria segundo a lei 12/2009 reguladora do dereito de asilo e protección subsidiaria.

ANEXO II: Criterios de baremación

SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO "OBRADOIRO DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 XINZO DE LIMIA SANDIÁS"

*ENTREVISTA: Puntuarase ata un máximo de 14 puntos.

Valórase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas a súa adecuación as singularidades do proceso formativo.

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 PROMOVIDO POLO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANDIÁS (MÁXIMO 26 PUNTOS):

1.- MULLERES

- Mulleres vítima de violencia de xénero2 puntos
- Mulleres (non puntuadas no apartado anterior).....1 punto

2.- IDADE

- 30-44 anos.....1 puntos
- 18-29 anos.....3 puntos
- 45 ou mais.....4 puntos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía igual o superior ao 33%.....1 punto

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego.....1 punto
- Perceptores de subsidios.....2 puntos
- Non perceptores.....4 puntos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO





Concello de Xinzó de Limia

- Menos de 12 meses.....1 punto
- De mais 12 meses a 18 meses.....2 puntos
- Mais de 18 meses.....4 puntos

6.-PERSONAS EMIGRANTES RETORNADAS1 punto

7.- PERSONAS BENEFICIARIAS DO TRAMO DE INSERCIÓN DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)1 punto

8.-FORMACIÓN ACADÉMICA

- Por carecer de Títulos universitarios e de FP de ciclo superior.....3 puntos

9.-- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.
- Monoparental con fillo/s1 punto.
- Familias de 3 membros todos en situación de desemprego1 punto

10. CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos.....0 puntos
- Grupo de cotización do 1 ao 7.....0 puntos.
- Grupo de cotización 8.....0,5 puntos.
- Grupo de cotización 9.....1 punto.
- Grupo de cotización 10.....2 puntos.
- Sen emprego anterior3 puntos.

11.- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....2 puntos

Unha vez realizada a valoración polo grupo de traballo este publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica dos Concello de Xinzó de Limia e Sandiás a listaxe provisional de admitidos e excluídos coa puntuación provisional da entrevista, outorgando un prazo de un día hábil para alegacións e subsanacións.

Rematado o prazo de subsanacións e alegacións á listaxe provisional de admitidos e excluídos e á puntuación provisional da entrevista, e unha vez resoltas as subsanacións e alegacións,





Concello de Xinzo de Limia

publicaranse as listaxes definitivas de admitidos e excluídos, publicarase asemade a puntuación definitiva da entrevista e publicarase a puntuación provisional dos restantes méritos. Outorgarase un prazo de un día hábil para presentar alegacións e subsanacións á puntuación provisional de méritos de valoración obxectiva. Rematado o prazo de alegacións e subsanacións e resoltas as mesmas ditarase resolución coa listaxe definitiva coas puntuacións totais resultantes de sumar a obtida na entrevista e na valoración de méritos obxectivos. Esta última resolución terá carácter de proposta de contratación.

Para dirimir os posibles empates nas puntuacións finais entre dúas ou máis persoas candidatas establécese, por orde de prelación, ós seguintes criterios:

- a) Muller vítima de violencia de xénero.
- b) Mulleres
- c) Persoas maiores de 45 ou mais anos.
- d) Tempo en desemprego dende o último traballo.
- e) Persoas beneficiarias da RISGA
- f) Por ter prevista a realización do obradoiro no IPI.
- g) Refuxiados (persoas que teñan recoñecido o dereito de asilo ou protección subsidiaria segundo a Lei 12/2009 reguladora do Dereito de Asilo e protección subsidiaria)

Para a distribución dos alumnos-traballadores por especialidade terase en conta a preferencia sinalada na solicitude (Anexo I).

Elaboraranse dúas listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación (sen terse en conta o concello ó que pertence) e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ó de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo dun día hábil, contados dende a publicación do resultado definitivo do proceso de selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia, a seguinte documentación de non estar xa presentada:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.





Concello de Xunzo de Limia

- e) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- f) Indicación do número de conta bancaria.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida neste punto e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos traballadores propostos a entidade promotora deberá remitila a oficina de emprego que deberá verificar que cumpren todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicará ó Concello de Xunzo para que poida substituílo/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

7.- Selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

- Proceso de preselección:

O Concello de Xunzo de Limia e o órgano responsable de tramitar oferta de emprego na Oficina de Emprego de Xunzo de Limia, para logo procederá á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección/grupo de traballo.

Parámetros da oferta:

Sistema de selección: Oferta de emprego tipo A ordinario na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos requisitos que se recollen nestas bases. Posteriormente coas persoas preseleccionadas polo Oficina de Emprego de Xunzo de Limia levarase a cabo a selección mediante valoración de méritos e entrevista persoal, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.

Localidades: ámbito dos Concellos de Xunzo de Limia e Sandiás. De non atoparse candidatos/as suficientes a sondaxe ampliarase ao resto de concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade mínima: 16 anos.

Situación Laboral: Persoas inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou en mellora de emprego e terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Candidaturas: 3 por praza, de ser posible.

- Admisión dos/as aspirantes e proceso de selección:

Concluída a sondaxe, **a oficina de emprego comunicará ás persoas preseleccionadas o lugar data e hora para a realización da entrevista persoal**, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos, e para a presentación da documentación acreditativa dos requisitos e méritos sinalados nas bases. Os/as candidatos/as que se preseleccionen deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ó proxecto.

A selección definitiva do persoal directivo, docente e administrativo de apoio será efectuada





Concello de Xunzo de Limia

pola comisión de selección, que aplicará o baremo correspondente para cada posto, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos/das candidatos/candidatas remitidas pola oficina de emprego. Realizarase polo grupo de traballo unha entrevista persoal, que será previa a aplicación dos criterios obxectivos, co obxecto comprobar o cumprimento dos requisitos de admisión por parte dos aspirantes, realizar unha lista de admitidos/as e avaliar o interese dos candidatos en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas a súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

O día da entrevista persoal, e tras a realización da mesma, os/as candidatos/candidatas procederán a rexistrar o Anexo III (solicitude) e a documentación acreditativa dos méritos a efectos de baremación no Rexistro Xeral do Concello de Xunzo de Limia sendo a seguinte:

Documentación a presentar coa solicitude para participar no proceso de selección:

1) Anexo III debidamente cumprimentado consonte o seguinte modelo:

ANEXO III

PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO

INSTANCIA: OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO NO CAMIÑO 2022 XUNZO DE LIMIA-SANDIÁS , SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Teléfono móbil: _____

Correo electrónico: _____

Enderezo postal: _____

Concello: _____

Expoño:

Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OBRADOIRO NO CAMIÑO 2022” PROMOVIDO POLO CONCELLO DE XUNZO DE LIMIA EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANDIÁS

Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo de (marcar cun x) :

☐ Director/a

☐ Monitor/a (MAMSO108)

☐ Monitor/a (AGAO0208)





Concello de Xinzo de Limia

☐ Administrativo/a

Que achego a documentación relativa a identidade, requisitos e baremo que figura na relación anexa.

Que declaro:

☐ Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

☐ Non atoparme incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

☐ Que todos os datos contidos nesta solicitude e que os méritos xustificados no apartado de valoración de méritos son certos..

.

Por todo o anterior, SOLICITO:

1º.-Ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

2º.- Que autorizo ó Concello de Xinzo de Limia para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Xinzo de Limia e nos taboleiro do concello de Sandiás participante no proxecto, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Xinzo de Limia, de de 2022

Asdo:.....





Cod. Validación: 65X2H6LSH9RQPGGYEEMDNMG6 | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/DocumentoAsinadoElectronicamenteDesdePlataformaEsPublico> | Páxina 16 a 32



Concello de Xinzo de Limia

2) Copia do DNI, NIE ou pasaporte en vigor.

3) Acreditación dos méritos que se posúa en cada caso segundo se trate de persoal directivo, docente, ou administrativo

Toda a documentación non presentada no prazo establecido, non se terá en conta a efectos de baremación.

Unha vez realizada a valoración polo grupo de traballo ou órgano de selección publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal dos Concello e Xinzo de Limia e no Concello de Sandiás participante no proxecto as listaxe provisional de admitidos e excluídos coa puntuación provisional da entrevista, outorgando un prazo de un día hábil para alegacións e subsanacións.

Rematado o prazo de subsanacións e alegacións á listaxe provisional de admitidos e excluídos e á puntuación provisional da entrevista, publicaranse as listaxes definitivas de admitidos e excluídos, publicarase asemade a puntuación definitiva da entrevista e publicarase a puntuación provisional dos restantes méritos. Outorgarase un prazo de un día hábil para presentar alegacións e subsanacións a puntuación provisional de méritos de valoración obxectiva. Rematado o prazo de alegacións e subsanacións e resoltas as mesmas ditarase resolución coa listaxe definitiva coas puntuacións total resultante de sumar a obtida na entrevista e na valoración de méritos obxectivos. Esta última resolución terá carácter de proposta de contratación.

Para dirimir os posibles empates nas puntuacións finais entre dúas ou máis persoas candidatas establécese, por orde de prelación, os seguintes criterios:

- a) O maior tempo acreditado como desempregado
- b) A puntuación no apartado de experiencia profesional
- c) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- d) A puntuación correspondente as titulacións complementarias
- e) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- f) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- g) O de maior idade

Todas as publicacións relativas ó procedemento selectivo serán realizadas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web da Entidade promotora e do Concello participante.

O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ó de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo dun día hábil, contados dende a publicación do resultado definitivo do proceso de selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia , a seguinte documentación de non estar xa presentada :





Concello de Xinzo de Limia

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- d) Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.
- e) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- f) Indicación do número de conta bancaria.
- g) Tarxeta da Oficina de Emprego como demandante de emprego ou ben como mellora de emprego.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida neste punto e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen perxuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

Unha vez elaborada a proposta de persoal directivo, administrativo e docente para contratar de a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpren todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún/ha dos candidatos/as propostos/as non cumprira ditos requisitos a xefatura territorial o comunicará ó Concello de Xinzo para que poida substituílo/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura territorial non comprobe que todo o persoal reúne ditos requisitos.

8.- Incidencias nos procesos de selección

O órgano de selección queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencia poidan xurdir no desenvolvemento destes procesos de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento dos procesos con arranxo ó sentido e contido das propias bases.

9.- Especificacións para os postos de traballo do equipo de persoal

A.- PROCESO SELECTIVO DUN/DUNHA DIRECTOR/A

- Funcións do posto:

- a) Superior dirección do persoal e do alumnado-traballador, con especial atención á consecución dun clima laboral axeitado e a satisfacción no traballo das persoas participantes





Concello de Xunzo de Limia

no proxecto.

- b) Poñer en coñecemento do persoal e o alumnado o Regulamento de Réxime Interno aprobado pola Entidade promotora, así como aplicar as medidas previstas no mesmo.
- c) Elaboración, organización e seguimento do plan xeral das actuacións de maneira que o proxecto formativo sexa executado na súa totalidade.
- d) Elaboración da planificación didáctica, de seguimento e de avaliación do proxecto. A estes efectos, requirirá a cada docente a planificación relativa ao seu módulo. Contemplará medidas correctoras a poñer en práctica, de ser o caso.
- e) Velar pola aplicación e cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral prevista tanto no estudo de seguridade e saúde específico do obradoiro, como no/s certificado/s de profesionalidade que se impartan, tanto por parte do persoal como do alumnado.
- f) Xestionar os recursos materiais e didácticos necesarios para a execución do proxecto laboral e formativo.
- g) Coordinación de actuación coa entidade promotora e coa Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense, a través do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, proporcionándolle a información necesaria para o seguimento e control das actuacións e para a avaliación dos resultados cuantitativos e cualitativos do proxecto.
- h) Impartir a docencia nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade do persoal docente do obradoiro. En todo caso, cando as características do proxecto e/ou as actuacións o requiran.
- i) Realizar actividades de divulgación, difusión, promoción e integración social do proxecto no contorno, favorecendo a participación de expertos, empresariado emprendedor, realizando visitas didácticas, etc..., sen prexuízo do cumprimento do itinerario formativo.
